

Nome: Data: Curso:

Le atentamente o texto e responde as seguintes preguntas.

O Panyee F. C. Un equipo moi pequeno cunha historia moi grande

A historia do Panyee F. C. é a historia de como lograr un soño grazas ao esforzo, á imaxinación e ao traballo en equipo.

O Panyee F. C. é o club de fútbol de Koh Panyee, unha aldea flotante de pescadores situada no suroeste de Tailandia. Nesta pequena aldea eran moitos os afeccionados ao chamado “deporte rei” mais non había ningún campo de fútbol nin ningún outro recinto semellante onde que puidesen practicalo. Tras a celebración do Mundial de México, a afección foi medrando aínda máis e no ano 1986 decidiron construír un campo para poder xogar. O principal problema era que Koh Panyee é unha aldea que flota sobre o mar e de dimensións bastante reducidas, pero solucionárono grazas ao esforzo e ao empeño dos veciños, que se entregaron arreo á construción dun campo de fútbol sobre o mar no seu tempo libre.

Unha vez construído o campo, apuntáronse por vez primeira a un torneo, o que os levou a xogar tamén por vez primeira contra alguén de fóra da súa aldea, e fóra da aldea. Chegaron a semifinais. Nese encontro, pasado pola auga, marcharon ao descanso e perderon por dous goles. A partir de aí, decidiron xogar como adoitaban: descalzos. O seu xogo mellorou, aínda que non o suficiente para gañar e pasar á final. Non importou, xa eran heroes por todo o que conseguiran lograr.



Xogadores do equipo
Panyee F. C.
xogando no campo que
eles mesmos construíron
na súa aldea flotante.

1 Que tipo de texto cres que é o anterior?

- ☐ A noticia dun xornal. ☐ A entrada para un partido de fútbol.
- ☐ O relato dun xogador de fútbol. ☐ A crónica da inauguración dun campo de fútbol.

2 Cal é a finalidade desta noticia?

- ☐ Transmitir información dun torneo de fútbol que se está a xogar na actualidade.
- ☐ Informar sobre as obras da reforma dun campo de fútbol.
- ☐ Recordar unha historia que supón un exemplo de esforzo e de superación.
- ☐ Informar sobre a vida na aldea de Koh Panyee.

Nome:

Data:

Curso:

3 Enumera os feitos segundo a orde en que sucederon.

- ☐ Os xogadores do Panyee F. C. apuntáronse por vez primeira a un torneo de fútbol.
- ☐ Os habitantes de Koh Panyee construíron un campo de fútbol sobre o mar.
- ☐ Finalmente, non conseguiron xogar o último partido do torneo.
- ☐ En Koh Panyee non había ningún campo de fútbol no que a xente puidese xogar.

4 Escribe a que parte da noticia corresponde cada fragmento.

A historia do Penyee F. C. é a historia de como lograr un soño grazas ao esforzo, á imaxinación e ao traballo en equipo.

.....

O Panyee F. C. Un equipo moi pequeno cunha historia moi grande

.....

O Panyee F. C. é o club de fútbol de Koh Panyee, unha aldea flotante de pescadores, situada ao suroeste de Tailandia.

.....

5 Relaciona cada pregunta coa resposta axeitada.

- | | |
|------------|---|
| Que? • | • Os habitantes de Koh Panyee, unha aldea tailandesa. |
| Quen? • | • En 1986. |
| Cando? • | • Sobre o mar. |
| Onde? • | • A construción dun campo de fútbol. |
| Como? • | • Porque non tiñan un lugar onde xogar ao fútbol. |
| Por que? • | • Traballando arreo no tempo libre. |

6 Explica coas túas palabras que significa a seguinte expresión que aparece no texto.

Pasado pola auga

.....

7 Subliña o significado que ten o verbo *entregar* no texto.

- 1 Dar ou poñer [algo ou alguén] en poder ou baixo o coidado ou vontade doutro.
- 2 Someterse á vontade de alguén, darse por vencido.
- 3 Dedicarse por enteiro a unha cousa ou persoa.

8 Escribe outro titular para a noticia.

.....

Nome:

Data:

Curso:

Le atentamente o texto e responde as seguintes preguntas.



dirixida por
Manane Rodríguez

Ficha artística

Dirección: Manane Rodríguez

Intérpretes: Luisana Álvarez, Alejandro Carro, Manuel Cortés e Paulina Gálvez

Música: Coché Villanueva

Producción: Xavier Bermúdez

Ficha técnica

Produtora: Xamalú Filmes, S.L.

Título orixinal: *Un conto para Olivia*

Tipo: Longametraxe

Ano: 2007

Xénero: *Dramedia*

Idioma V.O.: *Castelán*

Realizada en cor

Dobrada: *Galego* (2 copias en salas comerciais)

Duración: 90 min

Orixe: *España*

Un conto para Olivia é unha longametraxe con forma de conto infantil e concibida para abraiar e desconcertar o público adulto.

Olivia, a protagonista, é unha nena latinoamericana de seis anos que é adoptada por unha parella española. A nova vida de todos os membros da familia vailles deparar distintos e inesperados retos que terán que ir superando.

Fonte: culturagalega | <culturagalega.gal>

1 Que tipo de texto é o anterior?

☐ A ficha informativa dunha película.

☐ O resumo dunha película.

☐ Un comentario de texto sobre unha película.

☐ A noticia da estrea dunha película.

2 Que finalidade ten o texto anterior?

☐ Revelar o final da película.

☐ Achegar os datos principais da película.

☐ Contar o argumento da película.

☐ Anunciar a estrea da película.

3 Indica en que partes está dividida a ficha.

a) Imaxe, ficha artística, ficha técnica e resumo.

b) Ficha artística e ficha técnica.

c) Ficha artística, ficha técnica e resumo.

d) Imaxe, resumo e ficha artística.

Nome: Data: Curso:

4 A que parte da ficha corresponde a seguinte información?

duración

idioma V.O.

intérpretes

música

título orixinal

dirección

Ficha técnica

Ficha artística

5 Enche a táboa coa información que corresponda.

Produción	
Tipo	
Orixe	
Lingua de dobraxe	

6 Completa a seguinte afirmación sobre a película e responde a pregunta.

A película *Un conto para Olivia* pertence ao xénero da

- A partir de que palabras cres que se formou este nome? Escribe cada palabra onde corresponda.

..... ► Obra de teatro ou de cine que adoita tratar temas tristes.

..... ► Obra de teatro que adoita tratar temas agradables e que terminan ben.

7 Sinala se as seguintes afirmacións sobre o resumo da película son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- ☐ A protagonista da película é unha nena de seis anos que se chama Olivia.
- ☐ *Un conto para Olivia* ten forma de conto infantil, por iso é unha película só para nenos.
- ☐ A película trata sobre os distintos retos que Olivia e a súa familia terán que superar.
- ☐ *Un conto para Olivia* é unha curtametraxe, xa que se trata dun conto infantil.

8 Escribe tres datos da ficha artística ou técnica da túa película favorita.

.....

.....

.....